



Penso logo existo

Elix con Ciencia!

Cultura científica




O coñecemento é poder

Francis Bacon



"A verdade faravos libres"



💡

Sabes de que vai Prometheus? ; Sabes de que trata Interestelar?; Un Jurassic Park podería ser posible?; Sóache Big Bang Theory? ; Sabes o que significa en realidade Gran Hermano?; É Internet capaz de cambiar as nosas mentes?; Pode un virus cambiar o mundo?. De que trata esta materia?

Se aínda segues interesado segue lendo! 🤗

Que grosor tería o muro de Xogo de Tronos para soportar o seu propio peso? Precisaría unna base 40 veces máis ancha que a altura do muro, é dicir, de **case 8,5 km**. *Estudo do físico Martir Truffer da Univ. Alaska Fairbanks.*

Que resolución ten o ollo humano? **576 megapíxeles**, segundo cálculos realizados polo doutor Roger Clark.

Faste preguntas?. Se te fas preguntas só hai que buscar a resposta/s.

Na vida diaria, os cidadáns do século XXI, estamos en continuo contacto con situacións que nos afectan directamente como son as enfermidades, a manipulación e produción de alimentos, terremotos, erupcións volcánicas, o cambio climático, realidades que debemos ser capaces de entender. A materia de Cultura Científica contribúe á alcanzar unha Cultura básica que nos permita comprender estas situacións e o mundo que nos rodea á vez que fomenta adquisición dun espírito crítico.




Sexas de ciencias ou de letras, esta é a túa materia!!!!



A ciencia é unha das grandes construcións teóricas do home, o seu coñecemento forma ó individuo, proporciónalle capacidade crítica e análise e axuda na procura da verdade.




Traballaremos 2 temas por avaliación



1º trimestre: A Terra (tectónica, riscos); A orixe da vida e a evolución



2º trimetre: A saúde e enfermidade; Enxeñería xenética (biotecnoloxía)



3º Trimestre: A aldea global. Internet e as novas tecnoloxías.